

EIXE 2 | A Recuperación como meta

PROGRAMA INTENSIVO PARA O TRATAMENTO AMBULATORIO DE ADOLESCENTES E MULLERES CO TCA E AS SÚAS FAMILIAS

Entidade executante

Asociación BULIMIA Y ANOREXIA A CORUÑA (<http://abacoruna.com>)

Ámbito territorial

Autonómico con un único centro no concello da Coruña.

Aténdense pacientes da comunidade de forma telemática ou presencial.

Persoas destinatarias

Colectivo de mulleres e adolescentes de 10 a 64 anos, diagnosticadas con TCA e as súas familias.

Proporcionase tratamento a uns 203 pacientes anualmente e ás súas familias.

Obxectivos

Xerais:

Procurar accións terapéuticas complementarias ás liñas estratéxicas do SERGAS baseada na experiencia terapéutica de máis de 25 anos. Ser unha alternativa terapéutica efectiva para os servizos de atención primaria e Urgencias do Sergas, que permita responder á demanda de tratamento de TCA nas USM.

Específicos:

- Aceptar a imaxe corporal
- Fortalecer a autoestima
- Facilitar a autonomía persoal (Reeducación alimentaria)
- Reinserir social e laboralmente
- Previr as recaídas

Metodoloxía

Ofrece accións terapéuticas complementarias a través de diversos **obradoiros** que favorezan hábitos de vida saudable, asertividade e o fortalecemento emocional fronte ás presións sociais ou grupais que as fan especialmente vulnerables.